

**SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA
DE GOBERNO LOCAL O DÍA 17 DE DECEMBRO DE 2.004**

Na Casa do Concello de Sárria, sendo as dez horas do día dezasete de decembro de dous mil catro, comparecen ó obxecto de celebraren, en primeira convocatoria, sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, os Concelleiros que de seguido se sinalan, para o cal foron convocados legalmente en tempo e forma, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde *D. José Antonio García López*.

ASISTENTES: *Dna. Sabela Caldas Maceda*
D. Manuel Valiña López

Asiste e certifica do acto o Secretario Titular, *D. Amando Losada Losada*.

Así mesmo asiste a Sra. Interventora, *Dna. Aránzazu Sastre Carracedo*.

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS ANTERIORES.-

Non formulándose por ningún dos Concelleiros asistentes obxección algunha ó contido das actas das sesións celebradas pola Xunta de Goberno Local os días **24 de Novembro e 2 de Decembro de 2.004**; a Xunta de Goberno, por unanimidade, acordou prestarlles a súa aprobación.

2.- CONTA DE GASTOS.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, con cargo ós respectivos capítulos, artigos, e conceptos do vixente Presuposto de Gastos desta Corporación, vistos os informes favorables de Intervención, acorda prestar aprobación ós seguintes gastos, declarándoos de abono:

A VÁZQUEZ Y VILLAR, S.L	1.659,00 €
A VÁZQUEZ Y VILLAR, S.L	2.212,00 €
A VÁZQUEZ Y VILLAR, S.L	2.650,00 €

1.- Requerir ó interesado para que proceda á aportación da seguinte documentación no proxecto técnico que a continuación se relaciona:

- a) Memoria Urbanística conforme ó sinalado no artigo 195.4 da citada Lei 9/2.002, na que se indicará a finalidade e uso da construción ou actuación proxectada, razoándose a súa adecuación á ordenación vixente, con expresa indicación da clasificación e calificación do solo obxecto da actuación e da normativa e ordenanzas aplicables ó mesmo.
- b) Xustificación do especificado nos artigos 25 e 29 da Lei 9/2.002, sobre condicións de uso e edificación, respectivamente.

13.- LICENCIAS DE OBRAS DE ACTIVIDADES:

- A) *“INVERSIONES SARRIANAS, S.L” PARA INSTALACIÓN DE ESTACIÓN DE SERVICIO EN ZONA URBANA NA RÚA MATÍAS LÓPEZ, S/N.-*

Examinado o expediente tramitado a instancia de **“INVERSIONES SARRIANAS, S.L”**, titular do C.I.F. núm., B-15.929.854 e domicilio social na rúa Gutemberg, 34-A-3º, Apartado 2257 de a Coruña; para proceder á instalación de Estación de Servicio en zona urbana na rúa Matías López, s/n, e

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e o da Corporación Municipal; tendo entrada neste Concello, en datas 19 e 23 de Agosto de 2.004, cos nº 6280 e 6306, do Rexistro Xeral de Entrada, escritos de alegacións de **D^a OLIVA RODRÍGUEZ PONTÓN** e outros e por **D. JOSÉ MANUEL DÍAZ GONZÁLEZ**, en calidade de **Presidente da “Asociación Provincial de Estacións de Servicio de Lugo”**, respectivamente, fundamentadas sustancialmente no seguinte:

- Manifestan os comparecentes que a actividade pretendida non cumpre coas normas subsidiarias de planeamento vixentes, vulnerando polo seu emprazamento o tipo de uso admitido en

residencial pechada, así como as condicións de posición, alineamento, rasantes e chaflanado.

SEGUNDO: No expediente consta informe do Sr. Arquitecto Técnico Municipal de data 27 de setembro de 2004 no que se fai constar o seguinte:

“DENDE O PUNTO DE VISTA URBANÍSTICO:

1º De acordo coas Normas Subsidiarias de Planeamento, vixentes neste Concello, a instalación que se pretende atópase en Solo coa Ordenanza Residencial, estando entre os usos admitidos o de industria compatible coa vivenda, é dicir, non transmitirá molestias ó exterior, non producirá ruídos, emanacións ou perigos especiais, cumpriran as condicións sanitarias e hixiénicas das vivendas, os ruídos ó exterior serán inferiores a 20 decibelios.

O Concello, na resolución da concesión da licenza, fará constar que non se poderá dar comenzo á actividade sen levantarse acta de comprobación.

2º No expediente adxúntanse as alegacións presentadas por D^a OLIVA RODRÍGUEZ PONTÓN E OUTROS, JOSÉ MANUEL DÍAZ GONZÁLEZ, e en relación cos termos da súa competencia, hai que sinalar o seguinte:

a) A Ordenanza Residencial Pechada, Ordenanza R.C. apartado 4.1. das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipais(N.S.P.M.), defínese con especio, en ordenación pechada con patios interiores, de uso: xeralmente de vivenda en plantas altas e de varios usos na baixa e sótano, e no apartado 4.1.3.1. dentro dos usos admitidos, está o de Comercial tódolos grupos, o de Industrial, industrial compatible con vivenda.

b) No apartado 2.6. Uso Industrial, en clasificación dos graos no grao 1º referente a Industria Compatible con vivenda, entroutros di que se albergarán en locais situados en planta baixa e superficie non superior a 200m². Destacando que a instalación que se pretende segundo o apartado 3 do proxecto técnico sobre Descrición das obras, se pretende un edificio de 41,66 m² composto de oficina, cuarto de instalacións, vestiario e aseos, e unha marquesina de 90,95 m² de estrutura metálica sobre a zona de subministro a vehículos, e aínda que se computase esta última superficie como local, sería unha superficie total de 41,66 m² + 90,95 m² = 132,6 m², inferior ós 200 m² permitidos.

c) En canto á tipoloxía de ordenación Residencial Pechada, os edificios contiguos, só se mencionan no uso Residencial, destacando que a

edificación de servicios e oficina proxectada se plantexa en proxecto adosada a unha edificación dentro dos fondos de patio interior, considerado como patio de mazá e edificable dentro de cada parcela nunha planta de 5,30 mts. de altura máxima como se especifica no apartado 4.1.4.2. de condicións de Edificiación da mencionada Ordenanza R.C. das N.S.P.M.

d) En referencia á actividade incluída no nomenclator do RAMINP, como se especifica no informe, solicítase autorización previa da Consellería de Medio Ambiente, sobre a suficiencia das medidas correctoras e a idoneidade da actividade. Sinalando a existencia de sentenza do TSXG Favorable á ubicación en Solo Urbano, de Estación de Servicio, neste Municipio.”

TERCEIRO: Que elevado o expediente á Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, a medio de escrito recibido en data 27 de Setembro de 2.004, remítese informe favorable desde o punto de vista estritamente sanitario a dita instalación.

CUARTO: Que elevado á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente de Lugo, este Organismo, con data 17 de Novembro de 2.004, informa en sentido favorable, calificando dita actividade como Molesta por produción de ruídos e vibracións; e Perigosa pola existencia de líquidos inflamables, condicionado o informe ó cumprimento das medidas correctoras contidas no proxecto e na memoria presentados, facendo constar que:

- Ademais velarán polo cumprimento do preceptuado no REBT e as súas ITC'S (Regulamento electrotécnico de baixa tensión e as súas Instrucións técnicas complementarias), na NBE-CA-88 (Norma básica de edificación, sobre condicións acústicas en edificios), na Lei 7/97 de Protección acústica, Decreto 150/99, de 7 de maio (Regulamento de Protección Acústica) e na N.B.E.-C.P.I./96 (Norma Básica da edificación, sobre protección contra incendios dos edificios) e percorridos de evacuación e sinalización dos mesmos.
- Instalarase un sistema de detección precoz de incendios, así como da infraestrutura de extinción conforme á carga combustible e tipos de incendios dependentes da carga.
- Terase en conta a Lei 8/1997 de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia e o Decreto 35/2000 do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei 8/1997, as Reglas CEPREVEN e o Real Decreto 1523/1999 do 1 de outubro polo que se aproba a ITC MI-IP-04, “Instalacións para suministros a vehículos”.

- Instalaranse secamáns automáticos ou toalleiros dun só uso nos servicios hixiánicos de uso público.
- Terase tamén en conta o Real Decreto 2102/1996 de 20 de setembro, sobre o control de emisións de compostos orgánicos volátiles (COV).
- Velarase polo disposto no seguinte ordenamento xurídico:
 - A Lei 10/1998 de residuos, Orde do Ministerio de Medio Ambiente 304/2002, de 8 de febreiro, polo que se publican as operacións de valorización e eliminación de residuos e a lista europea de residuos, Decreto 298/2000, do 7 de decembro, polo que se regula a autorización e notificación de produtor e xestor de residuos de Galicia e se crea o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Resíduos de Galicia.
- Os lodos do separador de graxas e as augas hidrocarburadas e aqueles que teñan a consideración de resíduo perigoso, deberán ser entregados ós seus correspondentes xestores autorizados, debéndose inscribir no Rexistro de Produtores de Resíduos Perigosos da Consellería de Medio Ambiente. Estes residuos, ata a súa recollida, depositaranse debidamente etiquetados, en lugares que garanticen a súa inmovilidade e seguridade, evitando contaminacións accidentais.
- Velarase tamén polo disposto na Lei 10/1997, de 22 de Agosto, de residuos sólidos urbanos.
- Os residuos de materiais de construción xestionaranse por un xestor de residuos debidamente autorizado, o seu destino será o depósito de residuos da construción e demolición, ou planta de valorización de residuos da construción, o cal emitirá o correspondente certificado de recollida.
- O presente informe condiciónase a que o vertido de augas residuais á rede xeral municipal de saneamento sexa compatible coas características da EDAR municipal, cumprindo os límites marcados na normativa de aplicación, e nas ordenanzas municipais.
- Faise constar que no proxecto non se analizan os efectos aditivos das dúas estacións de servizo (en ambas marxes da rúa Matías López) existentes nas proximidades da que se vai a instalar.
- O presente informe non exclúe as autorizacións preceptivas da Delegación Provincial da Consellería de Innovación, Industria e

Comercio de Lugo.

QUINTO: Que o lugar de emprazamento non está en contradicción coas Ordenanzas e acordos sobre o particular.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO: Que a normativa urbanística deste Concello (Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal), aplicable á instalación que se pretende realizar, deberase adaptar ós preceptos contidos na Lei 9/2.002, de 30 de Decembro de “Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”.

SEGUNDO: Que é competencia desta Comisión a concesión da licenza solicitada, de conformidade co disposto na Resolución de Alcaldía nº 443/03, de data 26 de Xuño de 2.003, de delegación de atribucións.

Visto todo canto antecede e os informes obrantes no expediente; a Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda:

1.- Desestimar expresamente as alegacións presentadas por **D^a OLIVA RODRÍGUEZ PONTÓN** e outros e por **D. JOSÉ MANUEL DÍAZ GONZÁLEZ**, en calidade de Presidente da “Asociación Provincial de Estacións de Servizo de Lugo”, respectivamente, xa que, de acordo cos informes obrantes no expediente e co proxecto técnico presentado, estímase que o mesmo reúne os requisitos precisos para a tramitación municipal.

2.- Proceder á **CONCESIÓN DA LICENCIA** para a instalación solicitada por “**INVERSIONES SARRIANAS, S.L**”, para proceder á instalación de Estación de Servizo en zona urbana na rúa Matías López, s/n, debendo cumprirse as observacións e medidas correctoras que figuran no proxecto técnico e as que, nos seus informes sinalan a Comisión Provincial do Medio Ambiente de Lugo e o Sr. Aparellador Municipal, non podendo comezar a exercerse a mencionada actividade

ata tanto non se conceda a licencia definitiva, para o que será indispensable que levantase acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, acompañando á petición certificado do técnico director das obras e instalacións, no que se especifique a conformidade das mesmas e das medidas correctoras adoptadas cos termos desta licencia.

3.- Proceder, segundo determina o artigo 196.2 da xa citada Lei 9/2.002, de 30 de Decembro de “Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”, á concesión da correspondente licencia de obras de actividades, coas condicións seguintes:

a) As obras axustaránse estrictamente ó proxecto técnico presentado, debendo notificar a este Concello o nome do técnico responsable da execución das mesmas, así como da adopción das medidas correctoras resinadas no proxecto. Con Certificación Final de obra que acredite que se adoptaron, requisito previo para a solicitude de licencia definitiva. Dito final de obra deberá vir acompañado de Certificación por laboratorio homologado do cumprimento da normativa de ruidos.

Así mesmo deberánse adoptar as medidas correctoras e especificacións relacionadas na autorización da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e na Licencia de Actividade Provisional.

b) Na obra colocarse en lugar visible o cartel co nome do promotor ou propietario, contratista, arquitecto, aparelador ou técnico responsable das obras e núm. da licencia.

c) Estímase o prazo de execución das obras: seis meses.

d) Imposto por Obras, Instalacións e Construcións: 2.134,99 €

4.- Notifica-lo presente acordo ó interesado, coa expresión dos recursos que contra o mesmo procedan.

5.- Así mesmo, dar traslado do presente acordo ó Servicio de Calidade Ambiental da Consellería de Medio Ambiente de Lugo, ós efectos oportunos.

14.- EXPEDIENTES SOLO RÚSTICO:

A) DNA. MARINA GONZÁLEZ CASTRO PARA INSTALACIÓN DE ESTABULACIÓN TRABADA DE GANDO DE CARNE E FOSA DE ZURRO EN VILAR DE MARÍA (S. PEDRO DE FROIÁN).-